

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE,  
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 23.01.2020

Hora: 10:30

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 23 de xaneiro de 2020, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Preguntas

- 1.1 60181 (10/POC-009353)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Torrado Quintela, Julio e 2 máis  
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da recuperación do servizo de paritorio no Hospital Comarcal de Verín  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 585, do 08.01.2020*
- 1.2 60261 (10/POC-009362)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio  
Sobre as razóns da demora e o prazo previsto polo Goberno galego para o remate da construción do novo centro de saúde de Pereiro de Aguiar, a dotación de persoal e servizos que vai ter e as especialidades que se van implantar nel  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 585, do 08.01.2020*
- 1.3 60397 (10/POC-009375)  
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda  
Solla Fernández, Eva  
Sobre o control que fixo o Goberno galego sobre as axudas do IGAPE á empresa EMESA, así como as actuacións que pretende levar a cabo ante o anuncio do ERE  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 585, do 08.01.2020*
- 1.4 60422 (10/POC-009387)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Vega Pérez, Daniel e 9 máis  
Sobre os Concellos da Mariña que se viron beneficiados dos obradoiros de emprego postos en marcha pola Xunta de Galicia e os investimentos destinados e previstos pola administración autonómica para este tipo de iniciativas  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 585, do 08.01.2020*
- 1.5 60529 (10/POC-009432)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Fernández Macías, Jackeline Elizabeth e 8 máis  
Sobre as medidas que está levando a cabo a Xunta de Galicia en políticas de voluntariado

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 585, do 08.01.2020*

- 1.6            60737 (10/POC-009509)  
                  Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda  
                  Solla Fernández, Eva  
                  Sobre a forma na que o Goberno galego está a xestionar a cobertura de  
                  prazas durante baixas e vacacións no SERGAS, así como si está previsto  
                  dotar ao Centro de Saúde do Temple dun pediatra e dun fisioterapeuta  
                  *Publicación da iniciativa, BOPG n.º 588, do 13.01.2020*
- 1.7            60751 (10/POC-009514)  
                  Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
                  Prado Cores, María Montserrat e 5 máis  
                  Sobre as razón do envío dunha carta do Presidente da Xunta aos pais e  
                  nais dos nenos e nenas das escolas infantís da Xunta, o custe do mesmo e  
                  o emprego de recursos públicos para fines de publicidade política  
                  *Publicación da iniciativa, BOPG n.º 588, do 13.01.2020*
- 1.8            61089 (10/POC-009661)  
                  Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
                  Prado Cores, María Montserrat e 5 máis  
                  Sobre a supresión do servizo de pediatría nos concellos de San  
                  Sadurniño, Moeche, Cerdido e As Somozas  
                  *Publicación da iniciativa, BOPG n.º 588, do 13.01.2020*

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2020

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez

Presidenta da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidenta	
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
María Montserrat Prado Cores	BNG

## Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	GCE
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	M

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 23.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 23.01.2020**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1 60181(10/POC-009353)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da  
recuperación do servizo de paritorio no Hospital Comarcal de  
Verín

*Publicación da iniciativa, 585, 08.01.2020*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 18/12/2019 10:09:37  
Nº Rexistro: 60181  
Data envío: 18/12/2019 10:09:37.395

## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela, María del Carmen Rodríguez Dacosta e Noela Blanco Rodríguez**, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O pasado 27 de setembro, a Comisión delegada do Hospital de Verín, persoal facultativo, persoal Sanitario, sindicatos, organizacións políticas e usuarios/as volvéronse a concentrar e manifestar fronte o Hospital de Verín, denunciando de novo o desmantelamento que se está a producir na comarca de Verín.

Máis aínda, no final de novembro a cidadanía soubo da perda do paridoiro do Hospital de Verín a partir do inmediato 1 de decembro, nunha decisión sen precedentes que foi executada con velocidade e que obriga, xa dende este momento, a que os partos no sistema público de saúde de mulleres da comarca de Verín sexan desprazados a Ourense. Isto obriga a desprazarse máis de 100 quilómetros a moitas persoas, desviando un servizo tan básico tendo un hospital próximo. Esta decisión foi asumida con indignación por toda a poboación afectada, provocando unha das maiores mobilizacións que se lembran no pasado 30 novembro, que foi secundada por un innumerable conxunto de organizacións do tecido social e asociativo da comarca, así como por todos os partidos de forma oficial e por moitos representantes municipais do Partido Popular, tamén contrarios á decisión da Xunta de Galicia.

A pesares das circunstancias, a Xunta de Galicia continúa coa súa decisión, que desmantela un servizo fundamental para o anclaxe de poboación e para a calidade de vida, especialmente das mulleres. Con isto, ademais, obrígase ás/aos profesionais que prestaban este servizo en Verín a marchar da zona, pois pérdense as súas prazas. A preocupación xerada é inmensa, e iniciáronse todo tipo de accións reivindicativas como o peche no hospital de numerosos profesionais e veciños e veciñas afectadas. Pola súa banda, a Consellería de Sanidade utilizou ao xerente do área sanitaria como voceiro, empeorando a situación polas declaracións e formas utilizadas fronte á cidadanía que esixiu respostas.

CSM-REXISTROS-4L9YUXU7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/12/2019 10:09:37**  
**Nº Registro: 60181**  
Data envío: 18/12/2019 10:09:37.395

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Ten previsto a Xunta de Galicia recuperar o servizo de paritorio no Hospital de Verín?

Pazo do Parlamento, 17 de decembro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
María del Carmen Rodríguez Dacosta  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 18/12/2019 10:04:46**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 18/12/2019 10:04:58**

**Noela Blanco Rodríguez na data 18/12/2019 10:05:07**



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es



**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 23.01.2020**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.2 60261(10/POC-009362)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre as razóns da demora e o prazo previsto polo Goberno galego para o remate da construción do novo centro de saúde de Pereiro de Aguiar, a dotación de persoal e servizos que vai ter e as especialidades que se van implantar nel

*Publicación da iniciativa, 585, 08.01.2020*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/12/2019 10:15:08  
Nº Rexistro: 60261  
Data envío: 19/12/2019 10:15:08.345

## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O concello de Pereiro de Aguiar (Ourense), con máis de 6.500 veciños e veciñas, que se incrementan ata os 8.000 durante os meses de maio a outubro, é un municipio rural cuxa proximidade á cidade fai que nos últimos anos estea en continuo crecemento, e que non segue polo tanto a dinámica de despoboamento nin de altas taxas de envellecemento que sofren a maioría dos concellos rurais da provincia de Ourense. Polo que, o número de usuarios e usuarias incrementouse notablemente nos últimos anos, en especial entre os e as máis pequenas, ata chegar aos 800.

A veciñanza deste municipio leva esperando a construción do novo centro de saúde, así como manifestándose reclamando melloras sanitarias, dende o ano 2006. O actual atópase nunha situación deplorable por falta de espazo, ao ocupar este unha pequena parte dentro do edificio da Casa Consistorial, que impide a implantación de novas especialidades médicas necesarias (pediatría, odontoloxía ou fisioterapia), ademais de amosar graves eivas de accesibilidade xa que non dispón de ascensor, o que impide aos doentes con problemas de mobilidade acudir ás consultas na primeira planta.

O 17 de maio do ano 2016 o presidente da Xunta de Galicia anunciaba a próxima licitación da construción do novo centro de saúde de Pereiro de Aguiar, e o 1 de xullo dese mesmo ano asinábase un convenio entre o Sergas e o Concello do Pereiro de Aguiar, no que se recollía o compromiso de ambas partes para colaborar na construción desta nova infraestrutura sanitaria. A institución municipal comprometéase a realizar todos os trámites patrimoniais e urbanísticos necesarios a fin de poñer a disposición da Consellería de Sanidade unha parcela libre de cargas e gravames, cunha superficie de 2.323 metros cadrados, coa clasificación de uso sanitario. Este asumiría ademais, segundo anunciaba o propio alcalde, todos os gastos necesarios para dotar á parcela para a ampliación do centro coas infraestruturas necesarias, tales como accesos rodados e peonís, abastecemento de auga, saneamento, subministración eléctrica e outros servizos. Pola súa banda o Sergas comprometéase á elaboración e de ser o caso, á

CSM-REXISTROOrg.XMv6vND6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/12/2019 10:15:08**  
**Nº Rexistro: 60261**  
Data envío: 19/12/2019 10:15:08.345

supervisión, e á aprobación do proxecto técnico así como a contratar, dirixir e executar as obras de ampliación, con cargo aos seus orzamentos.

Os anuncios por parte do PP da construción do centro de saúde de Pereiro de Aguiar, fixéronse sempre meses antes das eleccións autonómicas e municipais, transformando unha vez pasadas as citas electorais o compromiso adquirido cos veciños e veciñas deste concello, nun novo engano, de tal maneira que as obras finalmente non comezaron ata xaneiro do ano 2019.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. A que se deben os retrasos na construción do centro de saúde de Pereiro de Aguiar (Ourense)?
2. Cando ten previsto a Xunta de Galicia que remate a súa construción?
3. Con que servizos contará esta nova infraestrutura?
4. Que especialidades se van a implantar neste centro de saúde?
5. Vai contar con servizo de pediatría?
6. Cal vai ser o número de médicas e médicos que presten os seus servizos neste centro de saúde?
7. Cal vai ser o número de enfermeiras e enfermeiros con que conte este espazo?
8. Vai contra con servizo de fisioterapia?
9. Estanse cubrindo as baixas do persoal sanitario do actual centro de saúde?

Pazo do Parlamento, 18 de decembro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 19/12/2019 10:09:05**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSX: REXISTROPGXW6NDB  
Verificado  
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/12/2019 10:15:08**  
**Nº Rexistro: 60261**  
Data envío: 19/12/2019 10:15:08.345

**Julio Torrado Quintela na data 19/12/2019 10:09:20**

CSX4 REGISTROpgXWV6NDB  
Verificado  
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/cav/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 - [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 23.01.2020**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.3 60397(10/POC-009375)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre o control que fixo o Goberno galego sobre as axudas do IGAPE á empresa EMESA, así como as actuacións que pretende levar a cabo ante o anuncio do ERE

*Publicación da iniciativa, 585, 08.01.2020*

# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 23/12/2019 12:21:34  
Nº Rexistro: 60397  
Data envío: 23/12/2019 12:21:34.797

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.ª**.

Elaborados Metálicos EMESA, é unha empresa situada na Coruña, no municipio de Coirós, adicada ás construcións metálicas e con máis de 60 anos de historia, que fixeron que o seu traballo sexa coñecido en todo o mundo, coa participación en obras emblemáticas como a Ponte de Rande e a súa ampliación, a T4 de Barajas, a intermodal de Lieja en Bélxica, ademais de ter sido fundamental para o despegue industrial da Provincia na Coruña con construcións para Meirama, As Pontes, A Refinería...etc.

Unha empresa que conta cunha alta especialización das traballadoras e traballadores que a forman e que chegou no seu momento a dar ata máis de 300 postos de traballo. A perda de postos de traballo prodúcese sendo propietario o Grupo Isolux, que a vende ao Grupo Soil, actual propietario que prometeu no seu momento dar ocupación a máis de 200 persoas.

Actualmente a empresa conta con 90 profesionais que levan xa catro nóminas sen cobrar e aos que a empresa xa advertiu da presentación dun ERE, pese a ter interposto tamén concurso de acredores. As traballadoras e traballadores non se explican como é posible a débeda da empresa, tendo en conta a facturación da mesma, pois aínda hoxe teñen carga de traballo que non poden levar adiante porque a dirección non compra o material necesario para desenvolver a actividade. Unha xestión totalmente negligente, que debería ter vixiado a propia Xunta, si temos en conta os millóns de axudas, entre elas do IGAPE, para unha

CSM-REXISTRO:HRW6  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 23/12/2019 12:21:34  
Nº Registro: 60397  
Data envío: 23/12/2019 12:21:34.797

inversión na mellora da factoría que nunca se produciu.

O ERE anunciado afonda máis no desemprego en Galicia, principalmente nun sector que se atopa en desmantelamento absoluto como é o caso da industria, coa consecuente sangría de postos de traballo.

Ante esta situación, a Xunta debería actuar a fin de evitar un peche que supón un problema a nivel laboral e social para toda unha comarca.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario Común da Esquerda PREGUNTA:

- Cal foi o control que fixo o Goberno respecto as axudas do IGAPE en relación a esta empresa?
- Teñen estudado algunha medida para evitar a perda de postos de traballo en EMESA?
- Cales son as actuacións que van a realizar ante o anuncio dun ERE por parte dunha empresa que recibiu máis de 4 millóns de axudas públicas?

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 23/12/2019 12:17:40**



CSV: REXISTROUHKRWAIWV6

Validado

https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 23.01.2020**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.4 60422(10/POC-009387)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e 9 máis

Sobre os Concellos da Mariña que se viron beneficiados dos obradoiros de emprego postos en marcha pola Xunta de Galicia e os investimentos destinados e previstos pola administración autonómica para este tipo de iniciativas

*Publicación da iniciativa, 585, 08.01.2020*





GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 26/12/2019 10:15:59  
**Nº Rexistro: 60422**  
Data envío: 26/12/2019 10:15:59.719

### A Mesa do Parlamento

**Daniel Vega Pérez, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Jackeline E. Fernández Macías e Raquel Arias Rodríguez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Galicia é a segunda Comunidade onde máis baixou o paro rexistrado este ano, presentando deste xeito un mellor comportamento que o conxunto do Estado.

Con respecto a fai un ano, as oficinas de emprego galegas teñen máis de 10.600 demandantes menos, sendo o descenso neste caso dun 6,45%. En toda España, a media é unha baixada do 3,65.

Estes datos positivos son consecuencia da estabilidade da economía galega que permite que Galicia se comporte mellor ante a incerteza política nacional. Isto implica que o paro continúa en descenso seis anos de maneira consecutiva no mes de agosto.

A Xunta de Galicia, a través de distintas consellerías, está a impulsar políticas activas de emprego que contribúen a reducir ós índices de desemprego. Un bo exemplo témolo nos obradoiros de emprego, a través dos que os Concellos poden contratar persoal para cubrir outra necesidade que é a mellora de espazos públicos. É dicir, con esta medida, xéranse postos de traballo e, por outro, as entidades locais poden acometer actuacións que contribúen a humanizar os seus municipios.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Que Concellos da Mariña se viron beneficiados dos obradoiros de emprego que puxo en marcha a Xunta de Galicia?
2. Que investimento destinou a administración autonómica a poñer en marcha este tipo de iniciativas que favorecen a inserción laboral na comarca, reducindo así a taxa de paro existente?
3. Que previsións manexa a Xunta de Galicia para seguir mantendo ou, se fose o caso, incrementando este tipo de axudas?

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2019

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

CSM-REXISTROXGJWAtLS9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 26/12/2019 10:15:59  
Nº Rexistro: 60422  
Data envío: 26/12/2019 10:15:59.719**

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Vega Pérez na data 20/12/2019 10:43:30**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 20/12/2019 10:43:44**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 20/12/2019 10:44:09**

**María Ángeles García Míguez na data 20/12/2019 10:44:26**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 20/12/2019 10:44:38**

**Marta Rodríguez Arias na data 20/12/2019 10:45:04**

**Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 20/12/2019 10:45:18**

**María Soraya Salorio Porral na data 20/12/2019 10:45:33**

**Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 20/12/2019 10:45:44**

**Raquel Arias Rodríguez na data 20/12/2019 10:45:54**



CSV: FEXYSTROXgkMAal.s9  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 23.01.2020**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.5 60529(10/POC-009432)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Macías, Jackeline Elizabeth e 8 máis

Sobre as medidas que está levando a cabo a Xunta de Galicia  
en políticas de voluntariado

*Publicación da iniciativa, 585, 08.01.2020*

## A Mesa do Parlamento

**Jackeline E. Fernández Macías, Marta Rodríguez Arias, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira e Raquel Arias Rodríguez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Galicia conta cun sólido e longo percorrido a prol do fomento da Acción Voluntaria, impulsada pola Xunta de Galicia a través dos diferentes Plans Galegos de Voluntariado, que se veñen desenvolvendo de maneira planificada e sistemática desde o ano 2002.

O I Plan Galego de Voluntariado (2002-2005), puxo en valor o gran número de iniciativas de acción voluntaria que a sociedade galega levaba a cabo, mentras que o II Plan Galego de Voluntariado (2006-2010) centrouse en dar visibilidade ás Entidades de Acción Voluntaria.

Os sucesivos e posteriores Plans Galegos de Voluntariado, levados a cabo cada catro anos, estiveron orientados cara unha estratexia común de planificación e coordinación da Acción Voluntaria na nosa comunidade autónoma, respondendo así aos obxectivos básicos en materia de voluntariado marcados no Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020.

Estes obxectivos pretenden, por un lado, promover a cultura da solidariedade e, por outro lado, establecer novos programas de voluntariado orientados a colectivos específicos, segundo as súas necesidades, que melloren a calidade de vida das persoas en risco e incrementen a participación da cidadanía, especialmente da mocidade.

Seguindo nesta liña de actuación, no ano 2019 a Consellería de Política Social, a través do Consello de Acción Voluntaria, está a levar a cabo importantes avances en materia de voluntariado, convertendo así a Galicia nunha das comunidades máis solidarias de España.

Deste xeito, comprobamos como no primeiro trimestre deste ano 2019 púxose en marcha o Observatorio Galego de Acción Voluntaria co obxectivo principal de reforzar a traxectoria e o potencial do voluntariado galego, constituíndose como un instrumento



fundamental para lograr unha maior eficiencia dos programas que xa se estaban a desenvolver con anterioridade á súa creación, así como constituír unha canle fundamental para que as entidades poidan participar na planificación, xestión e seguimento das políticas de acción voluntaria.

Compre sinalar por tanto, o gran esforzo da Xunta de Galicia en políticas de voluntariado con medidas precursoras, como por exemplo, o certificado homologado pola Unión Europea que acredita a experiencia voluntaria; unha acreditación da que Galicia é pioneira dentro de España.

Ademais, neste mes de xuño publicábanse no Diario Oficial de Galicia diversas subvencións neste mesmo senso. Por un lado, subvencións para entidades de acción voluntaria de carácter privado para o fomento e a realización de actividades de voluntariado; mentres que por outro lado, convocábanse as subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa Servizo de Voluntariado Xuvenil.

Por último, no mes de setembro de 2019 coñeciamos a convocatoria de novos cursos (tanto en liña coma presenciais) dentro do Plan de Formación de voluntariado, incluíndo tanto formación básica como especializada, consolidando así a oferta formativa no ámbito do voluntariado, co obxectivo de mellorar estas accións e a xestión das mesmas.

Así pois, e tendo en conta todas estas liñas de actuación levadas a cabo pola Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Qué melloras concretas está a levar a cabo a Xunta de Galicia en políticas de voluntariado dentro de cada unha das distintas liñas de actuación citadas nesta exposición de motivos?

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2019





**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 26/12/2019 13:00:56  
Nº Rexistro: 60529  
Data envío: 26/12/2019 13:00:56.257**

**Asinado dixitalmente por:**

**Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 26/12/2019 12:40:46**

**Marta Rodriguez Arias na data 26/12/2019 12:40:53**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 26/12/2019 12:41:11**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 26/12/2019 12:41:29**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 26/12/2019 12:41:43**

**Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 26/12/2019 12:42:07**

**María Soraya Salorio Porral na data 26/12/2019 12:42:26**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/12/2019 12:42:37**

**Raquel Arias Rodríguez na data 26/12/2019 12:43:03**



CSV: REXISTRO:ROLHYECSZ09

Verificación

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 23.01.2020**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.6 60737(10/POC-009509)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre a forma na que o Goberno galego está a xestionar a cobertura de prazas durante baixas e vacacións no SERGAS, así como si está previsto dotar ao Centro de Saúde do Temple dun pediatra e dun fisioterapeuta

*Publicación da iniciativa, 588, 13.01.2020*

# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/01/2020 11:33:53  
Nº Rexistro: 60737  
Data envío: 02/01/2020 11:33:53.000

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.ª**.

A situación da Atención Primaria no Servizo Galego de Saúde, empeza a ter deficiencias de carácter estrutural, con incrementos na lista de espera para ter unha cita e cun persoal cada vez máis saturado, o que repercute non só nas condicións laborais do persoal si non tamén na calidade asistencial da propia sanidade.

No Concello de Cambre, pese a que a Xunta inaugurou en plena campaña electoral un novo centro de saúde na parroquia do Temple, nunca chegou a dotalo de suficiente persoal que puidese facer fronte a demanda poboación non só do Concello de Cambre, si non tamén de Carral, cun Servizo de Atención Primaria que da asistencia a máis de 30.000 usuarias/os.

A falta de facultativos de pediatría e fisioterapia, unido incapacidade da Xunta en xestionar de xeito eficaz a cobertura de prazas en caso de baixas ou vacacións, provocan situacións de colapso que repercuten directamente na cobertura sanitaria.

Por todo o anterior preséntanse as seguintes preguntas:

- Cal é a xustificación do Goberno para non xestionar eficazmente a cobertura de prazas durante baixas ou vacacións?
- Pensan dotar o Centro de Saúde do Temple dun pediatra en turno de tarde?

CSM-REXISTROKex2x6BFJ6  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/01/2020 11:33:53**  
**Nº Registro: 60737**  
Data envío: 02/01/2020 11:33:53.000

- Pensan dotar o Centro de Saúde do Temple dun fisioterapeuta a maiores para evitar as listas de espera actuais?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 02/01/2020 10:20:07**

CSX, REXISTRO: 60737, 02/01/2020 10:20:07  
Validado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 23.01.2020**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.7 60751(10/POC-009514)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as razón do envío dunha carta do Presidente da Xunta aos pais e nais dos nenos e nenas das escolas infantís da Xunta, o custe do mesmo e o emprego de recursos públicos para fines de publicidade política

*Publicación da iniciativa, 588, 13.01.2020*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/01/2020 11:48:19  
Nº Rexistro: 60751  
Data envío: 02/01/2020 11:48:19.771

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á necesidade de que por parte da Xunta de Galiza se dean explicacións polo envío dunha carta asinada polo Presidente da Xunta a nenos e nenas das escolas infantís.

A principios de mes de decembro os/as pais e nais das escolas infantís da Xunta de Galiza recibiron unha comunicación na que se lle informaba de que “con motivo das festas de Nadal, a consellaría quere facer un agasallo a cada familia cunha fotografía do seu neno/a” coa indicación de que só se lles farían a aqueles nenos/as con autorización e de que se farían por parte do consorcio no propio centro.

Vimos de coñecer que ao persoal das escolas infantís da Xunta de Galiza, se lle fixo chegar estas fotos realizadas aos nenos e nenas, coa indicación de que metidas nun sobre, xunto cunha carta do Presidente da Xunta, Alberto Núñez Feixóo foran entregadas de xeito personalizado en man a cada familia.

Diversos pais e nais fixéronnos chegar o seu malestar e desaprobación por esta actuación, que consideran un gasto superfluo, sen ningunha xustificación.

CSM-REXISTROFORN/12/15  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/01/2020 11:48:19**  
**Nº Rexistro: 60751**  
Data envío: 02/01/2020 11:48:19.771

Unha actuación que como mínimo se pode cualificar de electoralista, estamos diante dun caso descarado de uso de recursos públicos para promoción persoal do Presidente da Xunta e o que é máis grave usando aos nenos e nenas como escusa.

Pais e nais que seguen agardando unha explicación polos casos de intoxicación alimentar, que non obteñen resposta á falta continuada de pediatras para atender aos seus nenos/as... censuran este gasto e que por parte do Presidente da Xunta non se dirixa ás familias para dar solucións, senón para facer propaganda da súa persoa.

Polas razóns expostas formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

-Cal é a xustificación do envío dunha carta do Presidente da Xunta aos pais/nais dos/as nenos/as das escolas infantís da Xunta, toda vez que non aporta ningunha información nin explicación, nin solución aos problemas ou demandas dos/as pais/nais?

-Non coida que tería sido máis acaído dirixirse ás familias dos/as nenos/as para dar conta das solucións á falta de pediatras, falta de prazas públicas en escolas infantís...?

-Cal foi o custe deste “agasallo” navideño?

-Até cando vai o PP na Xunta de Galiza seguir usando os recursos públicos para a súa publicidade e propaganda?





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 02/01/2020 11:48:19

Nº Rexistro: 60751

Data envío: 02/01/2020 11:48:19.771

-Toda vez que na carta o Presidente da Xunta di que “estou á vosa enteira disposición para que me trasladedes calquera aspecto no que poidamos seguir mellorando” por que medio o van poder facer as achegas?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 02/01/2020 11:37:53**

**Xosé Luis Bará Torres na data 02/01/2020 11:38:00**

**Noa Presas Bergantiños na data 02/01/2020 11:38:06**

CSV REXISTRO XERAL ENTRADA  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/01/2020 11:48:19**  
**Nº Registro: 60751**  
Data envío: 02/01/2020 11:48:19.771

**Olalla Rodil Fernández na data 02/01/2020 11:38:15**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 02/01/2020 11:38:23**

**Ana Pontón Mondelo na data 02/01/2020 11:38:30**

CSX: FEYJSTFRORcnHj2t15  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 23.01.2020**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.8 61089(10/POC-009661)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a supresión do servizo de pediatría nos concellos de San Sadurniño, Moeche, Cerdido e As Somozas

*Publicación da iniciativa, 588, 13.01.2020*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 08/01/2020 12:55:06  
Nº Rexistro: 61089  
Data envío: 08/01/2020 12:55:06.462

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á supresión do servizo de pediatría nos concellos de San Sadurniño, Moeche, Cerdido e As Somozas.

Desde o día 14/1/2019 os centros de saúde de San Sadurniño, Moeche, Cerdido e As Somozas non dispoñen de pediatra. O servizo víñase prestando no centro de saúde de San Sadurniño durante toda a semana entre as 9 e as 11 da mañá, mentres que os martes a pediatra desprazábase ás Somozas na segunda metade da súa xornada laboral, os mércores a Cerdido e os xoves a Moeche, reservando os luns e os venres exclusivamente para San Sadurniño.

A pediatra que ocupaba o posto optou a un concurso de traslados e a vacante quedou libre, polo que todo indica que o seu posto non vai ser cuberto de momento. Segundo a información da que dispomos, a previsión é que exerza en San Sadurniño un médico puericultor 3 días á semana e que o resto dos días a atención a preste un médico de familia.

Una situación da que derivan as seguintes consecuencias:







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/01/2020 12:55:06**  
**Nº Registro: 61089**  
Data envío: 08/01/2020 12:55:06.462

- Que as nosas nenas e nenos non terán especialista en Pediatría malia ser un dereito que temos como familias.
- Que os centros de saúde de Moeche, Cerdido e As Somozas verán mermada a calidade asistencial xa que carecerán tamén do servizo itinerante que se lles viña prestando.
- Que o horario de atención vai verse claramente diminuído, posto que non se substitúe a totalidade da xornada da anterior pediatra.
- Que haberá unha discriminación polo lugar onde se viva: a rapazada de Narón, por exemplo, disporá de pediatra no seu centro de saúde, mentres que a de Moeche, Cerdido e As Somozas, ademais de ter que desprazarse, nin sequera terá unha atención especializada.

Perante esta situación fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

-Cal é a razón pola que se suprime o servizo de pediatría que abarcaba até agora os concellos de San Sadurniño, Moeche, Cerdido e As Somozas?

-É consciente o Goberno galego da situación de abandono na que fican as nenas e nenos dos concellos afectados, privadas dun dereito básico, coma é a atención sanitaria?

CSV: REXISTRO21hw3L0867  
Validado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/01/2020 12:55:06**  
**Nº Registro: 61089**  
Data envío: 08/01/2020 12:55:06.462

-Ten previsto a Xunta adoptar algunha medida urxente para a reposición do posto de pediatría e, xa que logo, a atención efectiva ás nenas e nenos dos concellos afectados?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 08/01/2020 12:53:51**

**Xosé Luis Bará Torres na data 08/01/2020 12:53:58**

**Noa Presas Bergantiños na data 08/01/2020 12:54:05**

CSV: FEXYSTFR02hw6L0667  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/01/2020 12:55:06**  
**Nº Registro: 61089**  
Data envío: 08/01/2020 12:55:06.462

**Olalla Rodil Fernández na data 08/01/2020 12:54:13**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 08/01/2020 12:54:20**

**Ana Pontón Mondelo na data 08/01/2020 12:54:27**

CSX\_FEXYSTFR02hw6L0867  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>

